

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN INGADA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE INTERVENCIÓN COMUNITARIA NO TRASTORNO POR DÉFICIT DE ATENCIÓN E HIPERACTIVIDADE (TDAH) E NO TRASTORNO DO ESPECTRO AUTISTA (TEA)

Data da sinatura dixital (30.12.2024)

REUNIDOS:

DUNHA PARTE: Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 145/2024 e 144/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento; e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

E DOUTRA PARTE: María Elvira Ferrer Vázquez, con DNI 32652264S, representante legal da Fundación Ingada, inscrita no rexistro de Fundacións de Interese Galego, con NIF G-70394374; con plena capacidade para asinar o presente acordo de colaboración, en virtude do establecido nos seus Estatutos fundacionais.

As partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal suficiente para obrigarse mediante o presente convenio nos términos que nel se conteñen e, para o efecto,

MANIFESTAN:

Primeiro. Que o Servizo Galego de Saúde, organismo autónomo creado por Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de tódalas áreas que configuran o concepto integral de saúde, xestionando a sanidade en tódalas súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Segundo. Que segundo o Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, a través da Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental e do seu servizo de Servizo de Atención á Saúde Mental e Integración Psicosocial e Trastorno Mental Grave, é a responsable da coordinación da rede de servizos e recursos sociosanitarios vencellados ao coidado e a rehabilitación no trastorno mental grave.

Terceiro. Que o Plan de Saúde Mental de Galicia Poscovid-19, periodo 2020-2024, no seu eixe I *"Participación, autonomía e sensibilización"*, sinala a necesidade de lograr a participación activa

do paciente nos seus coidados, apoiar ás persoas coidadoras, romper mitos e sensibilizar á cidadanía ; e no seu eixe II *“A recuperación como meta”*, incide na necesidade de intervir para e na comunidade e implantar melloras na atención nas persoas con necesidades especiais de apoio e trastorno mental.

Cuarto. Que o Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade (TDAH) é un trastorno de orixe neurobiolóxico de inicio na idade infantil, con síntomas que poden perdurar ata a idade adulta e que representa un dos motivos máis frecuentes de consulta nas unidades de saúde mental infanto-xuvenil debido ás enormes consecuencias en distintos aspectos da vida do/da paciente. Que o Trastorno do Espectro Autista (TEA) é un trastorno neurobiolóxico caracterizado por dificultades persistentes na comunicación e interacción social, xunto a patróns de comportamento restritivos e repetitivos, afectando os mesmos ao funcionamento nas diferentes etapas da vida, orixinando repercusións significativas a nivel persoal, social, académico e laboral.

Quinto. Que as etapas evolutivas, dende o nacemento ata a adolescencia e a idade adulta, teñen especificidades que requiren intervencións e estratexias diferenciadas e propias de cada etapa. Isto debe reflectirse na práctica clínica e na formación do equipo de Saúde Mental que atenda aos nenos, nenas e adolescentes e adultos. Así mesmo, cobra vital importancia a necesidade de traballar de modo interdisciplinar cos/coas distintos/as profesionais dos distintos eidos da vida dos/das menores de xeito transversal e lonxitudinal.

Sexto. Que a Fundación Ingada ten por obxecto dar asistencia integral a persoas afectadas por TDAH e trastornos asociados en Galicia mediante a formación a profesionais da saúde, a investigación, a organización de congresos e xornadas formativas, o asesoramento individual ás persoas afectadas que o soliciten, o desenvolvemento de actividades preventivas de riscos potenciais para a saúde e a difusión do coñecemento do TDAH en medios de comunicación.

Sétimo. Que o Servizo Galego de Saúde considera que a Fundación Ingada é a entidade idónea para a percepción dunha axuda de carácter singular e excepcional por razóns de interese público, non sendo posible promover a concorrancia pública dada a necesidade de facilitar nas condicións máis pertinentes posibles unha asistencia integral a persoas afectadas por TDAH e trastornos asociados.

A achega económica será obxecto de concesión directa, xa que logo de ver o expresado anteriormente, a especificidade das características e da actividade referida, ligada á idea de colaboración cun fin de interese público fan imposible a efectividade do principio de concorrancia na concesión da achega económica.

Por tal motivo, dado o interese público, social e humanitario das actividades obxecto do convenio que se pretende asinar, e o seu carácter singular inherente á propia existencia da necesidade de asistencia integral a persoas afectadas por TDAH e trastornos asociados, non procede a realización de convocatoria pública, de conformidade co previsto nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

En virtude do exposto, e recoñecéndose as partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten como obxecto principal colaborar no desenvolvemento do programa de intervención comunitaria no trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH) e no trastorno do espectro autista (TEA), destinado a acadar unha mellora na calidade de vida tanto das persoas afectadas con TDAH e TEA coma dos seus familiares, ofrecendo servizos integrais que teñan en consideración á comunidade como motor de cambio, garantindo o acceso universal e a equidade.

Segunda. Actuacións do programa

As actividades que se desenvolven ao abeiro do programa son as seguintes:

1º- Consultas de asesoramento: consultas realizadas por psicólogos, nas que se fai un primeiro cribado para valorar a situación de cada persoa.

2º- Obradoiros destinados ás persoas afectadas con TDAH e TEA, tales como cognición social para adolescentes, habilidades sociais, alimentación saudable, prevención da violencia de xénero, xestión do talento e orientación laboral, puberdade e sexualidade no TEA e pautas de actuación e xestión no TDAH e no TEA para as familias.

3º- Grupos de persoas adultas con TDAH e TEA.

4º- Formación a profesionais da fundación.

Terceira. Subcontratación

A Fundación Ingada é a beneficiaria directa da subvención obxecto deste convenio, asumindo a total responsabilidade da execución da actividade subvencionada fronte á administración .

Dadas as especiais características das actividades a desenvolver, permítase á entidade beneficiaria subcontratar ata o 100% do importe da actividade subvencionada.

Serán de aplicación o artigo 27 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro. Enténdese que unha entidade subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incurrir a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada. Así mesmo, en ningún caso concertará a execución parcial ou total das actividades subvencionadas con persoas ou entidades que recibiran outras subvencións para a realización da actividade obxecto da contratación.

Cuarta. Obrigas

A Fundación comprométese a cumprir coas obrigas que o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, esixe aos beneficiarios, entre outras:

- a) Asegurar o cumprimento de todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta colaboración.
- b) Presentar perante o Servizo Galego de Saúde xustificación acreditativa da realización da actividade e do cumprimento da finalidade que determina o obxecto da colaboración.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- d) Comunicarlle a Consellería de Sanidade e ao Servizo Galego de Saúde a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante 10 anos, segundo o previsto no artigo 27 e 28 do Real Decreto 304/2014, do 5 de maio, polo que se aproba o Regulamento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo.
- g) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do convenio: "Cofinanciado pola Xunta de Galicia -Consellería de Sanidade-Servizo Galego de Saúde", co seu respectivo logotipo.

2. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

Quinta. Financiamento

O gasto subvencionado a través deste convenio para a realización das actividades obxecto do mesmo para o ano 2024, e que serán levadas a cabo pola devandita asociación, ascende a un total de quince mil euros (15.000 €), corresponden á asignación tributaria do 0,7 % do IRPF destinado á realización de programas de interese xeral para fins de carácter sociosanitario.

O dito gasto imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 5001.413A.481.21 e código de proxecto 2018 00005 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024.

Sexta. Compatibilidade das axudas

A subvención obxecto deste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sen prexuízo do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sétima. Xustificación e pagamento

1. A xustificación realizarase logo do cumprimento da finalidade e demais condicións deste convenio nos termos recollidos nos artigos 28, 29 e 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 41 e 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, achegando a seguinte documentación:

a) Orixinais dos xustificantes de gastos ocasionados e da documentación acreditativa dos pagos realizados no desenvolvemento das actividades obxecto do programa, xunto cunha relación ordenada e detallada dos mesmos segundo o modelo do Anexo 1.

b) Declaración do programa realizado e financiado con este convenio, indicando o custo total repercutido para a entidade.

c) Certificación da fundación onde se faga constar que os gastos que se xustifican se ocasionaron no desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, e que foron debidamente aboados.

d) Declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto ou programas, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

2. A documentación da xustificación deberá presentarse coa data límite do 15 de xaneiro de 2025.

3. Cando o importe dalgún xustificante non se impute totalmente á finalidade deste convenio indicarse a contía exacta daquel que resulte afectada polo mesmo.

4. As facturas deberán estar debidamente cubertas de acordo coa normativa vixente. Con carácter excepcional e en supostos debidamente xustificados e motivados, poderán aceptarse a xustificación de pago mediante recibín do provedor para gastos de escasa contía inferiores a mil euros (1.000,00 €).

5. A documentación xustificativa dirixirase á Subdirección Xeral de Atención á Saúde Mental, que

emitirá informe favorable de ser conforme. No caso de apreciarse defectos emendables na xustificación presentada, o órgano administrativo competente poñerá no seu coñecemento e concederlle un prazo de dez días para a súa corrección.

6. Serán causas de reintegro do importe total ou parcial do convenio as previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, así como no artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Oitava. Gastos subvencionables

Consideraranse gastos subvencionables os que cumpren os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e realizados no desenvolvemento do obxecto do convenio. Para estes efectos, serán os realizados entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024, que foran efectivamente pagados nese prazo, salvo aqueles gastos realizados e que por imperativo legal non se puideran ter pagado nese prazo, e que contén coas seguintes características:

a) Que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, ao abeiro deste convenio, e resulten estritamente necesarios.

b) Que teñan a seguinte natureza:

b.1) Gastos do persoal da entidade: custe total, que abranguerá as retribucións e os custos de Seguridade Social. Unicamente será considerado gasto de persoal subvencionable o de aquel persoal que figure relacionado na Memoria Explicativa do programa, e na porcentaxe imputada ao mesmo que se corresponda co número de horas adicadas ao programa indicadas na antedita memoria, excepto que por necesidades derivadas da realización do programa ou actividade, debidamente xustificadas, sexa necesario modificar a mesma.

b.2) Axudas de custo e gastos de viaxe, en función das contías fixadas para o grupo 2 no Decreto 144/2001, de 7 de xuño, de indemnizacións por razóns do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, actualizadas polo *Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 23 de novembro de 2023, polo que se actualizan os importes das axudas de custo por razón do servizo en territorio nacional para gastos por aloxamento e manutención e da indemnización por uso de vehículo particular para o persoal empregado público da Xunta de Galicia*, ao que se lle deu publicidade mediante a Resolución do 24 de novembro de 2023 da Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública, sempre que non superen no seu conxunto o 3 % do importe total subvencionable do programa excepto que, en atención á súa natureza, sexa autorizada outra porcentaxe. O importe subvencionable de cada axuda de custo ou gasto de viaxe será, como máximo:

ALOXAMENTO	77,78€
MANUTENCIÓN	44,09€

No caso da quilometraxe atenderase ao disposto na Orde HFP/792/2023, do 12 de xullo, pola que se revisa a contía das dietas e asignacións para gastos de locomoción no Imposto sobre a Renda das Personas Físicas, que indica no seu artigo único que será de 0,26 euros o kilómetro.

b.3) Outros gastos correntes directamente relacionados coa actividade desenvolvida ao abeiro deste convenio. Tamén son subvencionables os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos directamente relacionados coa actividade subvencionada, se son indispensables para a súa axeitada preparación ou execución, así como os gastos de garantía bancaria. Non obstante, en ningún caso serán subvencionables os xuros debedores das contas bancarias.

Non serán subvencionables os gastos orixinados polas actividades realizadas na condición de membros das xuntas directivas ou consellos de dirección das entidades.

Sen prexuízo das funcións que lle corresponden á Comisión Mixta Paritaria, as dúbidas ou controversias en relación coa subvencionalidade dos gastos serán resoltas pola Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, por propia iniciativa ou a petición da entidade solicitante.

Novena. Memoria final

Con data límite do 15 de xaneiro de 2025, a fundación deberá achegar á Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria unha memoria final sobre a totalidade das actividades obxecto deste convenio, segundo o modelo que se xunta como Anexo 2 e empregando a sede electrónica, tal e como se indica na cláusula décima.

Décima. Achega da documentación

Para a remisión da documentación relativa a este convenio, asinada electrónicamente, empregarase a sede electrónica da Xunta de Galicia, mediante a cumprimentación do procedemento electrónico denominado "PRESENTACIÓN ELECTRÓNICA DE SOLICITUDES, ESCRITOS E COMUNICACIÓNS QUE NON CONTEN CUN SISTEMA ELECTRÓNICO ESPECÍFICO NIN CUN MODELO ELECTRÓNICO NORMALIZADO" (PR004A)", dirixíndoas á atención da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Décimo primeira. Comisión Mixta Paritaria

Constituirase unha comisión mixta paritaria para o seguimento e control do convenio, co obxecto de resolver as dúbidas e controversias que se presenten na súa interpretación e execución.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes do Servizo Galego de Saúde

e por dous representantes da fundación. Estes representantes, así como os seus suplentes, serán designados por cada unha das persoas titulares da representación das partes asinantes.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento deste convenio de colaboración, que non podan ser resoltas no eido da Comisión Paritaria Mixta serán de coñecemento e da competencia da orde xurisdiccional do contencioso- administrativo.

Décimo segunda. Natureza do convenio

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, e polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Décimo terceira. Inexistencia de relación contractual

A subscrición deste convenio non comporta relación contractual ningunha do Servizo Galego de Saúde cos profesionais dependentes da fundación que realicen as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que por este concepto non se lle poderán esixir responsabilidades, nin directas nin subsidiarias, polos actos acaecidos no seu desenvolvemento.

Décimo cuarta. Réxime de infraccións e sancións

Respecto do réxime de infraccións e sancións haberá que aterse ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Décimo quinta. Deber de colaboración

A fundación prestaralle colaboración e facilitaralle canta documentación sexa requirida, no exercicio das funcións de control, ao Servizo Galego de Saúde, á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, así como aos órganos que, de acordo coa normativa comunitaria, teñan atribuídas funcións de control financeiro.

Décimo sexta. Publicidade

A fundación comprométese a incluír en tódolos documentos e accións de difusión e información do programa, así como na páxina web oficial da entidade, o logotipo da Xunta de Galicia (Consellería de Sanidade) e do Servizo Galego de Saúde, segundo o establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e consonte ás condicións e requisitos sinalados no Decreto 112/2021, do 22 de xullo, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

Décimo sétima. Vixencia

O prazo de vixencia deste convenio será dende o día seguinte ao da súa sinatura até o 31 de decembro de 2024.

Décimo oitava. Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio as previstas con carácter xeran no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Toda alteración das condicións tidas en conta para este convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais no suposto que a contía supere o custo da actividade subvencionada, poderá dar lugar á modificación do convenio.

Décimo novena. Réxime de rexistros, transparencia e bo goberno

De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a Consellería de Sanidade dará publicidade deste convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia e no rexistro público de axudas, subvencións e convenios e incluírá no rexistro público de sancións aquelas que se puideran impoñer como consecuencia do seu desenvolvemento.

E en proba de conformidade, asínase polas partes este convenio, na data da última sinatura electrónica

Polo Servizo Galego de Saúde

Pola Fundación Ingada

Antonio Gómez Caamaño

María Elvira Ferrer Vázquez

ANEXO 1: MODELO RELACIÓN ORDENADA DE GASTOS

NÓMINAS

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	Importe líquido	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

IRPF

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes-año	IRPF	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
						0,00 €	

SEGURIDADE SOCIAL

Nº Orde	Nome e apelidos	Categoría profesional	Mes	Desconto SSoc trab	SSoc empresa	Total	% Imputado	Importe imputado	Data de pago
								0,00 €	

ANEXO 2: MEMORIA FINAL

1. Cadro de persoal: especificar cada unha das persoas que colaboren coa asociación, indicando o nome, NIF, horas semanais traballadas (diferenciando entre horas asistenciais e de xestión se son clínicos), posto desempregado, titulación académica, salario mensual sen complementos, trienios, retribucións complementarias, tipo de contrato.
2. Balance de ingresos e gastos da Asociación.
3. Informe que inclúa tódalas axudas solicitadas, outorgadas ou non por outras administracións ou entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, para o mesmo programa obxecto deste convenio.
4. Actividades:
 - ♣ Breve descrición das actividades realizadas
 - ♣ Número de beneficiarios directos desagregado por xénero
5. Número de reunións de coordinación con outros servizos de atención a persoas con problemas de saúde mental.
6. Reclamacións presentadas polos usuarios: xuntar copia de tódalas reclamacións achegadas polos usuarios no libro de reclamacións e as respostas ás ditas reclamacións.

ANEXO 3 : DECLARACIÓN RESPONSABLE

DATOS DA ENTIDADE							
RAZÓN SOCIAL					NIF		
TIPO	NOME DA VÍA			NÚMERO	BLOQUE	PISO	PORTA
CÓDIGO POSTAL		PROVINCIA	MUNICIPIO		LOCALIDADE		
TELÉFONO		FAX	CORREO ELECTRÓNICO		PÁXINA WEB DA ENTIDADE		
DATOS DO REGISTRO ADMINISTRATIVO NO QUE ESTÁ INSCRITA (identificación do Rexistro e número de inscrición).							
E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF				
EN CALIDADE DE							
DATOS BANCARIOS							
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada, onde se realizará o abono da subvención.							
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)						
IBAN							
A PERSOA REPRESENTANTE DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:							
1. Que a entidade beneficiaria, así como, se é o caso, as entidades integrantes que se propoñen como executantes:							
a) Non están incursas en ningún dos supostos incluídos no artigo 31.6 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser perceptoras dos pagos anticipados.							
b) Están ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, de acordo co previsto no artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.							
c) Están ao día no pagamento das obrigas tributarias estatais e autonómicas e fronte á Seguridade Social e non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.							
2. Que de conformidade co establecido no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, declara que dispón da documentación que así o acredita, que a porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida e que se compromete a manter o cumprimento destes requisitos durante o tempo de vixencia do convenio.							
3. Que en relación con outras axudas obtidas ou solicitadas:							
☐ Non obtivo outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para os que obtivo esta subvención.							
☐ Sí obtivo outras axudas ou subvención para este mesmo programa ou actividades para os que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan:							
ORGANISMO	IMPORTE (€)	DATA DE CONCESION	DISPOSICION REGULADORA				
☐ Non solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para os que obtivo esta subvención.							
☐ Sí solicitou outras axudas ou subvencións para este mesmo programa ou actividades para os que obtivo esta subvención, que son as que se relacionan:							
ORGANISMO	IMPORTE (€)	DATA DE SOLICITUDE	DISPOSICION REGULADORA				
Así mesmo, e de conformidade co establecido no artigo 11, letra d), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comprométese a comunicar inmediatamente a obtención doutras subvencións ou axudas que financien as actividades ou programas subvencionados a través deste convenio, a partir da data desta declaración.							
SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE							
Lugar e data							
	,		de		de		